




DE DEXO AO SEIXO BRANCO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Unha curta camiñada para achegarse, e ver de preto, algúns dos lugares emblemáticos da costa entre rías do Golfo Ártabro: o **illote da Marola**, coñecido polas numerosas historias e referencias da tradición (maiormente ditos e cantigas), o **Seixo Branco**, curiosa formación xeolóxica (un dique de cuarcita branca que destaca entre as rochas escuras que o rodean), lugar estratéxico e monumento natural, desde onde se abrangue a enseada de Canaval e Monte Meán, e podemos gozar da panorámica da cara norte da cidade da Coruña rematada pola Torre de Hércules; mentras percorremos unha parte do espazo protexido LIC Costa de Dexo, protexido tamén como Monumento Natural “Dexo-Serantes”, espazo que destaca pola beleza das súas paisaxes e a riqueza de flora e fauna adaptada aos cantís.



O Seixo Branco



PERCORRIDO

No porto de Dexo, case o único punto abrigado e accesible deste tramo de costa, onde hai un pequeno aparcamento, comezamos e rematamos o percorrido (aínda que tamén podemos facelo desde o Seixo Branco) collendo o camiño que sae á esquerda do abrigo e desviándonos por carreiros e camiños para ir sempre o máis preto que se poida da costa, chegamos e percorremos a Rasa ata que unha rotura no cantil e a mesta vexetación, toxos da altura dunha persoa, nos impiden continuar pola beira; entón temos que remontar por carreiros ata unhas casas e unha vez alí coller o primeiro camiño á dereita, polo que xa sen perda, podemos volver á beira dos cantís, nos que crían as gaivotas patiamarelas, e pasar ao pé dos furados das furnas ata chegar ao Seixo Branco. Na ida podemos demorar de unha hora a hora e media, e na volta, que faremos polo camiño sen desvíos, (ao chegar ás casas temos un camiño á dereita que nos baixa dereitos ao porto) tardaremos só media hora.

Par completar a viaxe podemos achegarnos, en Dexo, a ver a igrexa de Santa María, románica do século XII, e en Mera a lagoa, na que crían lavancos e galiñolas.



Portiño de Dexo coa Marola ao fondo



A Marola



Punta Corval



Vista desde o Seixo Branco cara á punta de Mera e A Coruña



Unha das moitas furnas da costa





Colexas (en flor) e pirixel do mar



Herba de namorar



Gaivotas nos cantís onde aniñan



Margarida (*Leucanthemum merinoi*)



Vista desde o Seixo Branco cara á punta de Mera e A Coruña. No primeiro plano o illote de Monte Meán.